



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto de 1996), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO PROFESORADO, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme o establecido no artigo 16 do Decreto 189/2010, do 11 de novembro de 2010 (DOG do 19 de novembro de 2010), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 membros do profesorado**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Continúan tres representantes do profesorado de entre os que obtiveron máis votos na elección do ano 2022. A relación do profesorado saínte é a seguinte, seguindo os criterios de ano de elección e de número de votos, respectivamente:

- Verónica Gaute Montes
- Fátima Fugarolas López
- Aurora Fernández Fernández

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata o día 4 de novembro, este incluído.

3.- Son electores e elixibles todo o profesorado adscrito á Escola Oficial de Idiomas de Lugo e á Extensión de Sarria que teña nomeamento para todo o curso 2024-25, así como o profesorado liberado sindical e o profesorado substituído, se o seu permiso é inferior a seis meses.

O profesorado substituto: son electores pero non elixibles (O art. 8 da circular 1/98 indica que non son electores, pero unha sentenza fixo que se modificara este criterio).

4.- As candidaturas correspondentes poderanse formular segundo o modelo que se facilitará na conserxaría ou oficina de secretaría do Centro e deberán presentarse mediante rexistro na Secretaría do Centro a partir do día 23 de outubro, ás 9.00 h, e ata o 5 de novembro, ás 11.00 h. Proclamaranse as candidaturas o día 5 de novembro, ás 12.00 h.

Contra o acordo de proclamación de candidaturas poderase **reclamar ata as 12.30 h do día 7 de novembro**, este incluído, mediante escrito razoado presentado por rexistro na Secretaría da escola e dirixido á Xunta Electoral.



- 5.- A campaña electoral comprenderá **dende o 12 ao 20 de novembro**, ambos os días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán á disposición dos/as candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo da Escola. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- A mesa electoral estará formada polo director do Centro, que actuará como presidente, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.
- 7.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de dous nomes** da lista de candidatos/as.
- 8.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 9.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, na dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección destes, convocarase un Claustro Extraordinario de profesorado, a tales efectos, para o día 8 de novembro, ás 12.00 h.
- 10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 22 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral

Fernando Vázquez López

